

A ESCOLA DA VIDA

O bilardismo nos pactos

08.05.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Hai un tempo, cando se empezaba a deseñar o Pacto social e político pola educación, eu mantiña unha visión pesimista sobre un posible acordo que apoiaba en varios exemplos sobre asuntos que uns e outros propuñan como transcendentais e, polo tanto, innegociables.

Co paso dos meses e con toda a actividade despregada polas dúas formacións políticas, acabei pensando que o acordo podía ser posible, pois ningunha persoa, coas capacidades que se lles presupoñen aos membros da comisión negociadora, o perde en non chegar a ningunha parte. Pero, tras oito meses de tramitación e cun documento final enriba da mesa, o PP di que non vai selar un compromiso.

A verdade é que o documento é ampliable. E algún dos puntos propostos polo PP podería chegar a incorporarse, como pode ser o caso da profesionalización das direccións dos centros docentes. Hoxe, para nomear un director dun centro ten que suar tinta todo o mundo, ademais de que este cargo supón ter uns coñecementos en xestión e administración para os que non foron formados nin avaliados os docentes, e, por enriba, comporta tomar medidas non sempre populares. Pero, máis alá desa e doutras circunstancias menores, as propostas esgrimidas para o pacto parecen máis que razoables para unha posta ao día do noso sistema educativo.

Por iso, obrar coa perspectiva bilardista de "ao inimigo nin auga", parece pouco san para un Estado no que, para avanzar, son necesarias todas as mans e todas as cabezas. Restar todo o tempo en lugar de sumar é un fraco favor ao cidadán que necesita que os seus impostos non se malgasten en viaxes e reunións soporíferas para non chegar a ningunha parte e que, día a día, están a converter ante os seus ollos ás institucións nun esperpento.

Facer oposición en democracia non significa non dar nunca o brazo a torcer, senón, simplemente, propor negociacións viables para entre todos sacar os problemas e os asuntos adiante. O que para calquera cidadán é algo moi normal na súa vida, pois se obrase da mesma forma que os políticos, os tribunais estarían cheos de preitos, é dicir, como eles os teñen con todos os seus asuntos. E estes tribunais, atascados, á súa vez, por emprender o mesmo camiño: o da política, en lugar de atender o seu propio fin, que non é outro que o de facer Xustiza.